

PROTOCOLO BÁSICO DE ACTUACIÓN

**USO INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E
ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO
CONCELLO DE ARTEIXO**

(Revisado a 19 de abril de 2021)



CONTIDO

- OBXECTO
- ÁMBITO DE APLICACIÓN
- COORDINADOR/A COVID-19
- COMUNICACIÓN DE CASOS POSITIVOS POR COVID-19
- NORMAS DE USO DAS INSTALACIÓNS
 - PERSOAL AUTORIZADO PARA ACCEDER ÁS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS
 - LIBRO DE REXISTROS E CONTROL DA TEMPERATURA
 - MATERIAL DE PROTECCIÓN
 - SAÍDA E ENTRADA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS
 - USO DE VESTIARIOS E DUCHAS
 - LIMPEZA E DESINFECCIÓN
 - NÚMERO MÁXIMO NOS GRUPOS DE ADESTRAMENTO
 - USO DA MÁSCARA EN ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓNS
 - AFORO DOS/AS ESPECTADORES/AS NAS COMPETICIÓNS
 - TEST COVID-19
 - REQUISITOS OBRIGATORIOS PARA O ACCESO ÁS INSTALACIÓNS
 - REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE DIRIXIDAS Á POBOACIÓN INFANTIL E XUVENIL
 - DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAESCOLARES
 - DESENVOLVEMENTO DE ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS
 - OUTRAS NORMAS
- SUPERVISIÓN DO CUMPRIMENTO DO PROTOCOLO COVID-19
- SINATURA DO DOCUMENTO DE ASUNCIÓN DO PROTOCOLO
- VIXENCIA
- ANEXO I : SOLICITUDE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS
- DOCUMENTO DE ADHESIÓN AO PROTOCOLO COVID-19 DO CONCELLO DE ARTEIXO

1. OBXECTO

O Concello de Arteixo, a través do Servizo Municipal de Deportes e Seguridade Cidadá, acordou modificar o Protocolo Covid-19 que recolle as normas de uso das instalacións deportivas municipais durante a tempada 2020/2021 e en tanto non se supere a crise sanitaria ocasionada pola pandemia da COVID-19 e os seus efectos

O dito protocolo, redactouse tendo en conta os acordos do Consello da Xunta de Galicia, por ser esta a autoridade competente en materia sanitaria, así como as normas propias do Concello de Arteixo en canto ao uso das instalacións deportivas que son da súa titularidade. En concreto, aténdese ao establecido na ORDE do 14 de abril de 2021 pola que se modifica a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, así como nas anteriores Ordes sempre e cando no foran derogadas por esta.

O non contemplado neste protocolo, será de aplicación o contido do Regulamento de Instalación Deportivas Municipais e Escolas Deportivas Municipais do Concello de Arteixo, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día trinta de abril de dous mil quince e publicado no BOP número 213 de 6 de novembro de 2015.

Atendendo á normativa anteriormente referida e no que atinxe ao desenvolvemento de actividades deportivas nas instalacións deportivas municipais do Concello de Arteixo realizaranse atendendo ao seguinte:

2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

O protocolo será de obrigada aplicación en todas as instalacións deportivas municipais, situadas no termino municipal de Arteixo, sempre e cando sexan instalacións de xestión directa.

No caso das instalacións deportivas xestionadas indirectamente mediante concesións, as empresas concesionarias deberán elaborar o seu propio protocolo atendendo ao establecido neste.

3. COORDINADOR/A COVID-19

O Concello de Arteixo poñerá en coñecemento de todas as entidades deportivas de Arteixo que adestren ou compitan nas súas instalacións deportivas este protocolo, o cal é de obrigada cumprimento para todas elas.

No caso de que se incumpra o protocolo, o Concello poderá impedirles a entrada nas instalacións deportivas municipais.

Co fin de garantir que se cumpre o establecido neste protocolo, cada entidade deportiva deberá entregarlle asinado ao Servizo Municipal de Deportes un documento de aceptación do protocolo. O documento achégase como Anexo II.

No documento de aceptación figurará a persoa que exercerá as funcións de Coordinador/a Covid-19, que será unha persoa da entidade deportiva que asumirá a responsabilidade de que se cumpran todas as medidas de protección da saúde establecidas tanto neste protocolo como no resto de normativa de aplicación, así como un teléfono de contacto de esa persoa.

A maiores, cando se trate de entidades deportivas que conteñan un número elevados de equipos, poderase nomear a un Delegado/a Covid-19 por cada equipo que actuará de acordo coas ordes dadas polo/a Coordinador/a Covid-19.

O/A Coordinador/a e o/a Delegado/a poderán ser a mesma persoa. En todo caso, a persoa nomeada debe estar presente, en todo momento, tanto nos adestramentos como nas competicións.

Sería recomendable, co fin de garantir a seguridade das persoas, que o Coordinador/a ou Delegado/a Covid-19 fose distinto do adestrador ou adestradora, podendo incluso exercer as funcións de Delegado/a unha persoa voluntaria que non pertenza ao club ou entidade deportiva, sempre e cando se responsabilice das súas funcións.

Non será preciso achegar, con carácter previo, a listaxe dos/as Delegados/as Covid-19 de cada equipo. Non obstante, o Servizo Municipal de Deporte poderá supervisar en calquera momento que exista esa persoa nos adestramentos e competicións, no caso de que non estea presente o/a Coordinador/a Covid-19.

Esa persoa figurará no Libro de rexistro achegado pola entidade.

4. COMUNICACIÓN DE CASOS POSITIVOS POR COVID-19

As entidades deportivas comprométense a comunicarlle ao técnico municipal responsable de cada instalación os casos positivos por Covid-19 que poidan xurdir respecto de todas aquelas persoas que accedan as instalacións deportivas municipais.

A comunicación deberá realizarse no mesmo momento en que se coñeza o positivo e por calquera medio que garanta que chega a dita información ao Servizo Municipal de Deportes.

A maiores, deberase formalizar o dito comunicado por escrito mediante presentación do documento por Rexistro, no primeiro día hábil seguinte a coñecer o positivo. A presentación de este escrito debe vir acompañada da relación de persoas que tiveron contacto co positivo no mesmo equipo.

Nos casos de que existan casos positivos nun equipo, o Concello de Arteixo poderá decidir pechar a instalación para unha desinfección e limpeza en profundidade.

Ademais, a entidade deportiva terá a obriga de comunicarlle á Consellería de Sanidade que a persoa positiva por Covid-19 adestra ou compite nunha instalación deportiva municipal e nun equipo en concreto, co fin de conseguir que se lle fagan test Covid-19 a todas as persoas que tiveron contacto.

5. NORMAS DE USO DAS INSTALACIÓNS

5.1. PERSOAL AUTORIZADO PARA ACCEDER ÁS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

O acceso ás instalacións deportivas municipais no caso de adestramentos, estará restrinxido única e exclusivamente a deportistas, técnicos/as e directivos da entidade deportiva que acudan habitualmente aos adestramentos.

En ningún caso os grupos poderán ser superiores aos establecidos na normativa autonómica. No caso concreto de grupos estables, deberase enviar ao Servizo Municipal de Deportes, unha listaxe das persoas que compoñen cada grupo estable.

A persoa Coordinadora Covid-19 (ou no seu caso Delegada Covid-19) realizará un control estrito do acceso ás instalacións deportivas, restrinxido ás persoas debidamente autorizadas. As persoas autorizadas serán as estritamente necesarias para realizar un adestramento, así como o Coordinador/a ou Delegado/a Covid-19. Isto é fundamental para controlar o aforo permitido en cada instalación.

No caso de que deba acceder algunha outra persoa da entidade que non é habitual, deberase contar coa autorización expresa do técnico municipal de cada instalación e se é posible deberase comunicar con anterioridade.

5.2. LIBRO DE REXISTROS E CONTROL DA TEMPERATURA

Todos os días, á entrada da instalación, o/a Coordinador/a Covid-19 (ou no seu caso Delegado/a) fará un rexistro co nome e apelidos, hora de entrada, hora de saída e temperatura corporal de todas as persoas da entidade que acceda á instalación. Esta información recollerase nun Libro de Rexistros.

O Libro de Rexistros, que será deseñado por cada entidade, recollerá ademais todas as incidencias de seguridade ou sanitarias identificadas. Unha copia das devanditas incidencias remitiráselle ao técnico municipal responsable de cada instalación.

No caso de que a temperatura corporal supere os 37.4 grados, a persoa non poderá acceder á instalación deportiva. É dicir, está prohibido entrar nunha instalación deportiva municipal con 37.5 grados ou mais.

5.3. MATERIAL DE PROTECCIÓN

Na porta de acceso das instalacións deportivas, a entidade poñerá ao disposición dos/as deportistas e técnicos/as máscaras e solucións desinfectantes que cumpran as especificacións técnicas e estándares de calidade marcados polo Ministerio de Sanidade. Non se poderá acceder ás instalacións sen máscaras de protección.

5.4. SAÍDA E ENTRADA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Cada equipo poderá acceder ás instalacións deportivas nas horas marcadas na resolución pola que se lle concederá o uso das instalacións deportivas municipais. Non obstante, mentres dure esta situación de Pandemia, a saída deberase producir no tempo necesario para evitar os contactos co equipo entrante.

En ningún caso poderá acceder un equipo a unha instalación deportiva municipal se o outro equipo aínda non abandonou o recinto destinado ao adestramento. Nese caso, o persoal de conserxería impedirlle a entrada ao equipo que corresponda.

5.5. USO DE VESTIARIOS E DUCHAS

Tendo en conta a cantidade de equipos e competicións que se desenvolven semanalmente nas instalacións deportivas municipais; considerando ao aforo limitado marcado para os vestiarios; e tendo en conta a que o uso dos vestiarios non se recomenda polo persoal sanitario polo posible foco de contaxios, o uso regularase do seguinte xeito:

- No caso de adestramentos atenderase ao seguinte:
 - Non se permitirá o uso de vestiarios máis que ao último grupo do día e categoría Sénior.
- No caso de competicións, atenderase ao seguinte:
 - Só se lle permitirá o uso dos vestiarios aos equipos de categoría sénior. Neste caso, só se poderá utilizar o vestiario ao rematar a competición, para duchas e cambio de roupa e respectando os aforos e quendas marcadas. Para iniciar a competición, cada deportista deberá acudir á instalación co equipamento deportivo necesario, ou ben poñelo no espazo habilitado ao efecto.
 - Correspóndelle ás entidades deportivas informar debidamente aos equipos visitantes destas normas.

- Aforo limitado indicado na porta do vestiario cunha ocupación de ata o 30 % da capacidade máxima permitida
- Separación de 1,5 metros entre cada usuario/a.
- Máscara obrigatoria, salvo na ducha.
- Duchas con separación de 1,5 metros.
- Está prohibido tirar a roupa e toallas no chan.
- En todo caso, estas regras poden variar en función das actividades programas e dos espazos dispoñibles nas instalacións. Correspóndelle ao técnico/a responsable de cada instalación decidir sobre cada caso concreto, garantindo sempre a seguridade das persoas.

5.6. LIMPEZA E DESINFECCIÓN

O Concello de Arteixo encargárase da limpeza das instalacións deportivas municipais así como da desinfección que considere necesaria. Non obstante, cada entidade debe manter limpo e desinfectado o material (xa sexa propio ou cedido polo Concello), así como o seu espazo de adestramento. Neste sentido, está prohibido cuspir, tirar papeis, máscaras ou roupa no chan, etc.

No caso concreto dos ximnasiaos, e debido ao posible foco de infección que se pode xerar, cada entidade deberá encargarse de desinfectar as máquinas, tanto entre uso e uso de cada persoa, como ao rematar a utilización do mesmo co fin de que quede desinfectado para a entrada do seguinte equipo.

5.7. NÚMERO MÁXIMO NOS GRUPOS DE ADESTRAMENTO

Atenderase ao establecido pola normativa autonómica. No día en que se redactou este protocolo está marcado o seguinte:

PRÁCTICA DE ACTIVIDADE FÍSICA NON FEDERADA

Ao aire libre: poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico. No caso da práctica de forma colectiva, o máximo será de seis persoas de forma simultánea, sexan ou non conviventes, sen contar, de ser o caso, o monitor.

En instalacións e centros deportivos: poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata catro persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, coa utilización de máscara e sempre que non se supere o trinta por cento da capacidade máxima permitida.

PRÁCTICA DE DEPORTE FEDERADO

As competicións deportivas federadas de nivel nacional ou autonómica e os seus adestramentos desenvolveranse de acordo co establecido pola administración competente e de conformidade coas limitacións establecidas nos protocolos federativos correspondentes.

No caso de competicións deportivas oficiais non profesionais de ámbito estatal que poidan implicar contacto físico, poderase adestrar en grupos de composición estable.

No resto de competición federada, de categoría autonómica ou inferior: a práctica da actividade deportiva poderase realizar de forma individual ou colectiva, e ata un máximo de 25 persoas simultaneamente nos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo.

En todo caso, as regras anteriores deberán axustarse ao establecido na normativa autonómica para as instalacións deportivas. No caso de grupos de composición estable, deberase enviar unha listaxe ao Servizo Municipal de Deportes que conteña todos os nomes e apelidos.

Poderán acceder ás IDM todos os deportistas, así definidos no artigo 31 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia: *“Son deportistas aquelas persoas que, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, practiquen, individualmente ou en grupo, calquera tipo de actividade deportiva nas condicións establecidas pola presente lei, con independencia do carácter e obxecto que persiga”*

A actividade deportiva requirirá a concertación de cita previa co Servizo Municipal de Deportes, para o que será preciso organizar quendas horarias, fóra das que non se poderá permanecer nas instalacións.

Ao día da redacción deste documento, respectarase o límite do **30% de capacidade de aforo** de uso deportivo en cada instalación (ou a porcentaxe máxima indicada polas autoridades sanitarias en cada momento), tanto no relativo ao acceso, como durante a propia práctica, habilitándose un sistema de acceso que evite a acumulación de persoas e que cumpra coas medidas de seguridade e protección sanitaria.

Non se permite a asistencia de público durante os adestramentos

A práctica da actividade deportiva federada de ámbito autonómico, adestramentos e competicións, axustarase aos correspondentes protocolos Fisicovid-Dxtgalego aprobados, coas limitacións que estableza o Concello de Arteixo neste protocolo no relativo aos aforos das diferentes instalacións deportivas.

Sempre que sexa posible, durante a práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica deberá manterse a distancia de seguridade interpersoal.

5.8. USO DA MÁSCARA EN ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓNS

Atenderase ao establecido pola normativa autonómica. No día en que se redactou este protocolo está marcado o seguinte:

No caso de actividade física non federada: será sempre obrigatoria.

Na celebración de competicións dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica, aplicárase, respecto ao uso da máscara, o recollido especificamente no protocolo das federacións deportivas respectivas aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte. En todo caso, no dito protocolo deberá preverse que cando a actividade deportiva supoña contacto físico entre as persoas que a practican deberá utilizarse a máscara, salvo que no protocolo respectivo se inclúan medidas alternativas de protección específicas.

Na actividade deportiva de ámbito nacional estarase ao que se determine pola Federación Española respectiva ou, no seu defecto, polo que indiquen as autoridades deportivas.

Será obriga dos deportistas/ técnicos/ staf levar unha segunda máscara de recambio así como, un estoxo específico para gardala en caso necesario.

5.9. AFORO DOS/AS ESPECTADORES/AS NAS COMPETICIÓNS

Con respecto á autorización de acceso de público ás competicións, estará condicionado á elaboración de un protocolo específico por parte de cada entidade e en cada instalación deportiva; e supeditado inescusablemente á súa aprobación ou validación por parte do Servicio Municipal de Deportes.

Dito protocolo deberá incluír como mínimo o seguinte contido, así como documentación fotográfica de cada uno de los apartados:

- Protocolo de exteriores
 - Zona de entrada
 - Zona de saída
- Control de acceso de público
 - Listas de acceso
 - Protocolo listas de acceso
 - Folla de rexistro de acceso á instalación
- Protocolo de entrada á instalación
 - Recepción
 - Percorrido de entrada
 - Zona de asentos
 - Espectadores

- Uso de baño público
- Protocolo de saída da instalación
 - Percorrido de saída

Correspóndelle á entidade deportiva o control de acceso dos/as espectadores/as na instalacións deportivas municipais. Asimesmo, correspóndelle a entidade deportiva levar un rexistro das persoas autorizadas para acceder ás instalacións como espectadores/as en cada competición. Esa listaxe debe estar no seu poder por se o solicitan as autoridades sanitarias ou o Servizo Municipal de Deportes.

Se a entidade non pode garantir ese control de accesos, non estará permitida a entrada mais que dos e das deportistas, corpo técnico, directiva e medios de comunicación.

O control de accesos implica: listaxe dos asistentes e deportistas, control da temperatura e desinfección das mans e do calzado.

Non poderá acceder a unha instalación deportiva calquera persoa que teña unha temperatura corporal de 37.5 grados ou superior.

Os medios para o control de accesos deberán poñelos as propias entidades deportivas.

No control de accesos garantírase que se cumpre co aforo máximo permitido pola normativa autonómica en materia de Covid-19, así como coa distancia interpersoal de 1,5 metros.

Cada entidade deberá consultar co Concello de Arteixo o número de espectadores/as que poden entrar en cada instalación en función do aforo, non estando permitido a utilización de medios auxiliares para o incremento do aforo, tales como cadeiras ou outro medio. Osa espectadores poderán utilizar exclusivamente os graderíos existentes en cada instalación.

Os/as espectadores/as que acuda ás instalacións deportivas municipais deberán levar máscara en todo momento, desinfectar as mans na entrada e antes de acudir a un aseo, e desinfectar o calzado.

Non será preciso achegar, con carácter previo ás competicións, a listaxe dos asistentes. Poderá ser requirido en calquera momento polo Servizo Municipal de Deportes.

5.10. TEST COVID-19

No caso de que, de acordo coa normativa autonómica e protocolos federativos, os clubs deban realizar test serolóxicos ou de outro tipo co fin de detectar casos de positivos por Covid-19, o dito club deberá comunicarlle os resultados ao Concello de Arteixo antes da celebración dunha competición nas instalacións deportivas municipais. Ademais, o club

será responsable de comprobar que as persoas que figuran nos ditos test sexan as mesmas que acceden ás instalacións.

5.11. REQUISITOS OBRIGATORIOS PARA O ACCESO ÁS INSTALACIÓNS

Concertación de cita a través do correo electrónico deportes@arteixo.org no modelo normalizado no anexo I con 72 horas de antelación. Unha vez confirmado polo Servizo Municipal de Deportes deberán presentarse ao persoal de conserxería das IDM para o seu rexistro e verificación de horario e instalación.

Os usuarios das IDM terán as seguintes obrigas:

- Antes de acudir aos adestramentos deberán tomarse a temperatura. Si esta excede de 37,5º non se poderá acudir
- É obrigatorio o uso de mascarilla en todo momento, segundo as indicacións sanitarias e o estipulado no presente protocolo
- En caso de presentar tós ou algún síntoma compatible co COVID19 non se poderá acudir ao adestramento
- Nos desprazamentos aos adestramentos deberán cumprir coas medidas sanitarias estipuladas, en especial no referente a uso de mascarillas e distanciamento interpersoal de 1,5 metros
- Cada usuario deberá dispoñer de botella de auga de uso individual
- Non se pode adestrar co mesmo calzado co que se desplace á IDM, debendo cambiarse antes de acceder á pista.
- No se permite o acceso de familiares ou acompañantes
- O acceso á IDM e recollida dos deportistas será no exterior dos recintos deportivos e será responsabilidade do adestrador do grupo o responsable da entrega evitando aglomeracións e o paso de calquera persoa allea á actividade
- Cada grupo entrará e sairá da instalación de xeito individual para respectar as medidas de separación, debendo seguir as indicacións do persoal de conserxería; e si a instalación o permite, a saída terá lugar por outro lugar que o da entrada.
- No momento do acceso á instalación, deberá desinfectar as mans con xel hidroalcohólico e cambiar o calzado da rúa.

Os usuarios virán provistos máscara PS ou máscara EPI. Manterán sempre unha distancia mínima interpersoal con todos os usuarios e traballadores de 1,5 metros.

Virán vestidos coa roupa que utilizarán durante adestramento, non permitíndose o uso de vestiarios, máis que ao remate nas condicións especificadas neste protocolo

Utilizarán máscara en todo momento. Deberán limpase as mans coas solucións hidroalcohólicas antes de entrar en cada estancia-sala-instalación e ao saír de cada estancia-sala-instalación

Os adestradores e acompañantes autorizados, estarán suxeitos ás mesmas obrigacións que os deportistas.

5.12. REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE DIRIXIDAS Á POBOACIÓN INFANTIL E XUVENIL

Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa capacidade máxima, cun máximo de cincuenta participantes, excluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de vinte e cinco participantes, excluídos os monitores.

As actividades deberán realizarse no interior en grupos de ata catro persoas participantes e no exterior en grupos de seis participantes, sexan ou non conviventes e excluídos os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento das actividades ou, no seu defecto, para a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

É obrigatorio o uso de mascarilla en todo momento, segundo as indicacións sanitarias

Aínda que o grupo da actividade xeral poida ser máis elevado, cada subgrupo procurará traballar de xeito individual, sen contacto estreito co resto de subgrupos durante as diferentes accións, sen prexuízo das pertinentes rotacións que se realicen para que todos os subgrupos poidan desfrutar de todas as actividades programadas. Antes de cada rotación será preciso levar a cabo a pertinente hixienización do material empregado.

Procurarase establecer unha recepción e recollida escalonada de participantes á actividade, fixando unha franxa horaria ou ben mediante cita previa. Na medida do posible, se o participante é menor de idade deberá vir acompañado unicamente por unha persoa responsable (pai/nai/titor legal). O mesmo criterio será de aplicación para a súa recollida.

Os participantes deberán realizar o correspondente lavado de mans con auga e xabón ao comezo e remate de cada actividade. Se isto non é posible, empregarase xel hidroalcolico.

Tanto participantes como persoal monitor deberán portar máscara en todo momento.

Procurarase que cada participante teña material de uso individual, non compartido. Se isto non fose posible, tras cada uso e antes de ser utilizado de novo por outra persoa, este material deberá desinfectarse ou hixienizarse de xeito adecuado.

No caso de realizar excursións polos arredores, limitar no posible os espazos moi concurridos. Priorizaranse os desprazamentos a pé durante as actividades.

No caso de facilitar comida aos participantes por parte da organización, esta deberá distribuírse en bolsas pechadas ou ben adecuarse ás normas que sexan aplicables para aquelas instalacións con cociña e comedor. A comida non poderá ser compartida

5.13. DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAESCOLARES

O Servizo Municipal de Deporte presenta o protocolo relativo ás actividades deportivas extraescolares do curso 2020/2021. Debido á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, as actividades deportivas extraescolares sofren unha adaptación ás medidas recomendadas polas autoridades sanitarias, polo que non se ofertarán modalidades deportivas específicas como en cursos pasados. Tan só se ofertarán unha única actividade (multideporte) adaptada ao diferentes grupos de idades, tentando obter grupos o máis estancos posibles. Ao longo do curso iranse introducindo diferentes actividades adaptadas á evolución de cada grupo de idade. (Educación física de base, xogos psicomotrices, xogos populares, atletismo, balonmán, baloncesto, deportes alternativos...)

A inscrición nas actividades non garante a súa continuidade ao longo do curso escolar, podendo estas ser obxecto de modificación ou supresión, en adaptación ás indicacións sanitarias e normativa vixente ao respecto en cada momento.

1. MEDIDAS DE HIXIENE

- O uso da máscara é obrigatorio a partir dos 6 anos e recoméndase a idades máis novas.
- Se o neno presenta algún síntoma (tose, febre, falta de aire) que poida estar asociado a COVID-19 ou estivo en contacto con algunha persoa que dera positivo en Covid-19 nos últimos 15 días, non pode asistir baixo ningún concepto ás actividades.
- O monitor encargado de realizar as actividades, empregará a máscara en todo momento e realizará unha hixiene correcta das mans durante todas as actividades.
- As persoas participantes deberán levar a cabo a hixiene das mans ao chegar á instalación onde terá lugar a actividade. Como primeira opción, recoméndase o uso de auga e xabón sempre que sexa posible. Se non, utilizaranse xeles ou spray de desinfección.
- As persoas participantes deben levar a cabo a hixiene das mans ao comezo e ao final de cada actividade.
- En cada grupo de actividades haberá un monitor titular que se encargará de impartir dita actividade e un segundo monitor, que será o encargado de supervisar que os nenos leven a cabo correctamente as rutinas de hixiene, axudándoos cando sexa necesario e para desinfectar todo o material empregado durante a clase.

2. MEDIDAS DE HIXIENE DO MATERIAL E DA INSTALACIÓN

- Todo o material de uso compartido para as actividades será desinfectado con produtos axeitados antes do inicio das actividades extraescolares.
- Todo o material de uso compartido será desinfectado durante a actividade e unha vez rematado polo monitor correspondente.
- O persoal encargado de desinfectar o material realizará unha correcta hixiene das mans. Para levar a cabo a desinfección empregará luvas.
- Para a desinfección empregarase solución a base de hipoclorito ou disolución a base de etanol, en función das características do material a desinfectar.
- O segundo monitor tamén se encargará de ventilar a instalación entre clase e clase e supervisar que os aseos estean en condicións óptimas para que o seguinte grupo poida realizar as súas rutinas de hixiene con total seguridade.


3. ENTRADA E SAÍDA DOS PARTICIPANTES EN CADA CENTRO

CEIP PONTE DOS BROZOS. A entrada e saída das persoas participantes das actividades deportivas extraescolares no CEIP Ponte dos Brozos organizarase do seguinte xeito:

- Participantes Ensinanza Infantil.
 - Desenvolverán a actividade exclusivamente no ximnasio de infantil.
 - Ás 16:00 o monitor recolle aos participantes no acceso do portal ao parque infantil (fronte ao Gadis) e ás 16:55 o monitor ou monitor entrégaos no mesmo portal ás persoas autorizadas.
 - Ás 17:05 o monitor que imparte a actividade recolle aos participantes no portal de acceso ao parque infantil (fronte ao Gadis) e ás 18:00 o monitor ou monitor entrégaos no mesmo portal ás persoas autorizadas.
- Participantes de 1º-2º e 3º-4º de primaria
 - Desenvolverán a actividade exclusivamente no Polideportivo Ponte dos Brozos
 - Ás 16:00 o monitor recolle aos participantes no acceso do portal nº 1 (fronte ao Eroski) e ás 16:55 o monitor ou monitor entrégaos no mesmo portal ás persoas autorizadas.
 - Ás 17:05 o monitor que imparte a actividade recolle aos participantes no portal de acceso ao portal 1 fronte ao Eroski e ás 18:00 o monitor ou monitor entrégaos no mesmo portal ás persoas autorizadas.
- Participantes de 5º-6º de primaria
 - Desenvolverán a actividade exclusivamente no Ximnasio Vello
 - Ás 16:00 o monitor recolle aos participantes no acceso do portal nº 1 (fronte ao Eroski) e ás 16:55 o monitor ou monitor entrégaos no mesmo portal ás persoas autorizadas.
 - Ás 17:05 o monitor que imparte a actividade recolle aos participantes no portal de acceso ao portal 1 fronte ao Eroski e ás 18:00 o monitor ou monitor entrégaos no mesmo portal ás persoas autorizadas.
- Recollida de participantes que van ao comedor do centro
 - Os nenos e nenas do comedor recóllense ás 16:00 horas no punto de encontro, situado no pasillo principal do pavillón 2.
 - O coordinador do centro será o encargado de recibir aos participantes das actividades e organizalos en grupos. Cada grupo será supervisado polo segundo monitor de actividade que será o encargado de levalo á instalación correspondente.
- Cambios de actividades ás 17:00 h.

- Ás 17:00 horas, o segundo monitor de cada grupo será o encargado de levar aos participantes que teñan actividade de segunda hora ao punto de encontro. O coordinador do centro será o encargado de recoller no punto de encontro ás persoas participantes que saen da ludoteca de comedor.

HORARIO	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES
PAVILLÓN MUNICIPAL PONTE DOS BROZOS (1º- 2º e 3º- 4º Primaria)					
16.00 - 16.50	Multideporte 5 1º-2º Primaria	Multideporte 6 3º-4º Primaria	Multideporte 5 1º-2º Primaria	Multideporte 6 3º-4º Primaria	
17.10 - 18.00	Multideporte 7 3º-4º Primaria	Multideporte 8 1º-2º Primaria	Multideporte 7 3º-4º Primaria	Multideporte 8 1º-2º Primaria	
XIMNASIO VELLO (5º- 6º Primaria)					
16.00 - 16.50		Multideporte 10 5º-6º Primaria	Multideporte 9 5º-6º Primaria	Multideporte 10 5º-6º Primaria	Multideporte 9 5º-6º Primaria
17.10 - 18.00					
XIMNASIO INFANTIL (Etapa Infantil)					
16.00 - 16.50		Multideporte 1 Infantil	Multideporte 3 Infantil	Multideporte 1 Infantil	Multideporte 3 Infantil
17.10 - 18.00		Multideporte 2 Infantil	Multideporte 4 Infantil	Multideporte 2 Infantil	Multideporte 4 Infantil



CEIP ARTEIXO. A entrada e saída de todas as persoas participantes nas actividades extraescolares do CEIP Arteixo terá lugar pola porta lateral do centro que ten acceso á pista exterior (xunto ao parque infantil).

- Participantes Ensinanza Infantil e 1º-2º de primaria Desenvolverán a actividade exclusivamente no Polideportivo.
- Participantes de 3º-4º e 5º-6º de primaria. Desenvolverán a actividade exclusivamente no ximnasio.
- Participantes de 5º-6º de primaria
- Recollida e entrega dos participantes
 - Ás 16:00 o monitor que imparte as actividades recolle aos participantes na porta lateral do centro (xunto ao parque infantil) e ás 16:55 entrega os ás persoas autorizadas no mesmo portal.
 - Ás 17:05 o monitor que imparte a actividade recolle aos participantes no portal de acceso ao parque infantil (fronte ao Gadis) e ás 18:00 o monitor ou monitor entrégaos no mesmo portal ás persoas autorizadas.
- Recollida de participantes que van ao comedor do centro
 - Os nenos e nenas dos comedores son recollidos ás 16:00 horas no punto de encontro, situado na entrada principal do centro. O coordinador do centro será o encargado de recoller aos participantes das actividades e organizalos en grupos. Cada grupo será supervisado polo segundo monitor de actividade que será o encargado de levalo á instalación correspondente.
- Cambios de actividades ás 17:00 h.
 - Ás 17:00 horas, o segundo monitor de cada grupo será o encargado de levar aos participantes que teñan actividade de segunda hora ao punto de encontro. O coordinador do centro será o encargado de recoller aos nenos e nenas que saian do comedor no punto de encontro.


HORARIO	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES
PAVILLÓN (Infantil e 1º-2º Primaria)					
16.00 - 16.50	Multideporte 1 Infantil	Multideporte 2 1º-2º Primaria	Multideporte 1 Infantil	Multideporte 2 1º-2º Primaria	
17.10 - 18.00	Multideporte 7 1º-2º Primaria	Multideporte 8 Infantil	Multideporte 7 1º-2º Primaria	Multideporte 8 Infantil	
XIMNASIO (3º-4º e 5º-6º Primaria)					
16.00 - 16.50	Multideporte 3 3º-4º Primaria	Multideporte 6 5º-6º Primaria	Multideporte 3 3º-4º Primaria	Multideporte 6 5º-6º Primaria	
17.10 - 18.00	Multideporte 4 5º-6º Primaria	Multideporte 5 3º-4º Primaria	Multideporte 4 5º-6º Primaria	Multideporte 5 3º-4º Primaria	



CEIP SAN XOSÉ OBREIRO. A entrada e saída de todas as persoas participantes nas actividades extraescolares do CEIP San Xosé Obreiro terá lugar pola porta do principal do Polideportivo

- Recollida e entrega dos participantes
 - Ás 16:00 horas o monitor que imparte as actividades recolle aos participantes na porta principal de acceso ao polideportivo e ás 16:55 entrégaos ás persoas autorizadas no mesmo portal.
 - Ás 17:05 o monitor que imparte a actividade recolle aos participantes na porta principal de acceso ao polideportivo e ás 18:00 o monitor entrégaos no mesmo portal ás persoas autorizadas.
- Recollida de participantes que van ao comedor do centro
 - Os nenos e nenas do comedor son recollidos ás 16:00 horas no punto de encontro, situado na entrada principal do centro. O coordinador do centro será o encargado de recoller aos participantes das actividades e organizalos en grupos. Cada grupo será supervisado polo segundo monitor de actividade que será o encargado de levalo á instalación correspondente.
- Cambios de actividades a las 17:00h
 - Ás 17:00 horas, o segundo monitor de cada grupo será o encargado de levar aos participantes que teñan actividade de segunda hora ao punto de encontro. O coordinador do centro será o encargado de recoller no punto de encontro aos nenos e nenas que saian da ocioteca.


HORARIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
PAVILLÓN MUNICIPAL					
16.00 - 16.50	Multideporte 1 Infantil	Multideporte 2 1º-2º Primaria	Multideporte 1 Infantil	Multideporte 2 1º-2º Primaria	
17.10 - 18.00	Multideporte 3 3º-4º Primaria	Multideporte 4 5º-6º Primaria	Multideporte 3 3º-4º Primaria	Multideporte 4 5º-6º Primaria	



CEIP GALÁN. A entrada e saída de todas as persoas participantes nas actividades deportivas extraescolares do CEIP Galán terá lugar pola porta do principal de acceso ao centro

- Recollida e entrega dos participantes
 - Ás 16:00 horas, o monitor que imparte as actividades recolle aos participantes a través do portal de acceso lateral ao centro e ás 16:55 entrégaos ás persoas autorizadas no mesmo portal.
 - Ás 17:05 o monitor ou monitor que imparte a actividade recolle aos participantes no portal de acceso lateral ao centro e ás 18:00 o monitor ou monitor entrégaos no mesmo portal a persoas autorizadas.
- Cambios de actividades a las 17:00h
 - Ás 17:00 horas, o segundo monitor de cada grupo será o encargado de levar aos participantes que teñan actividade de segunda hora ao punto de encontro. O coordinador do centro será o encargado de recoller no punto de encontro aos nenos e nenas.

HORARIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
PABELLÓN COLEXIO					
16.00 - 16.50	Multideporte 1 Infantil	Multideporte 2 1º-2º Primaria	Multideporte 1 Infantil	Multideporte 2 1º-2º Primaria	
17.00 - 18.00	Multideporte 5 1º-2º Primaria	Multideporte 6 Infantil	Multideporte 5 1º-2º Primaria	Multideporte 6 Infantil	
SALA USOS MULTIPLES					
16.00 - 17.00	Multideporte 3 3º-4º Primaria		Multideporte 3 3º-4º Primaria		
17.00 - 18.00	Multideporte 4 5º-6º Primaria	Multideporte 7 3º-4º Primaria	Multideporte 4 5º-6º Primaria	Multideporte 7 3º-4º Primaria	



5.14. DESENVOLVEMENTO DE ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

O Servizo Municipal de Deportes recolle neste Protocolo unha serie de medidas para facilitar o reinicio das Escolas Deportivas Municipais (En adiante, EDM) en condicións de seguridade, minimizando o risco de contaxio fronte á COVID-19. As medidas propostas neste protocolo estarán sempre subordinadas ás normas e ordes ditadas polas autoridades estatais, autonómicas e locais competentes, as cales prevalecerán.

Este protocolo é de obrigado cumprimento por todos os axentes implicados nas EDM e está suxeito a variacións, en función das condicións e evolución da pandemia e das medidas que as autoridades sanitarias adopten en cada momento.

Os alumnos das EDM terán as seguintes obrigas:

- Antes de acudir á actividade deberán tomarse a temperatura. Si esta excede de 37,5º non se poderá acudir
- É obrigatorio o uso de mascarilla en todo momento, segundo as indicacións sanitarias
- En caso de presentar tós ou algún síntoma compatible co COVID19 non se poderá acudir á actividade
- Nos desprazamentos á actividade deberán cumprir coas medidas sanitarias estipuladas, en especial no referente a uso de mascarillas e distanciamento interpersoal de 1,5 metros
- Cada usuario deberá dispoñer de botella de auga de uso individual
- Non se pode adestrar co mesmo calzado co que se desplace á IDM, debendo cambiarse antes de acceder á pista.
- No se permite o acceso de familiares ou acompañantes
- O acceso á IDM e recollida dos deportistas menores de idade será no exterior dos recintos deportivos e será responsabilidade do adestrador do grupo o responsable da entrega evitando aglomeracións e o paso de calquera persoa allea á actividade
- Cada grupo entrará e sairá da instalación de xeito individual para respectar as medidas de separación, debendo seguir as indicacións do persoal de conserxería; e si a instalación o permite, a saída terá lugar por outro lugar que o da entrada.
- No momento do acceso á instalación, deberá desinfectar as mans con xel hidroalcohólico e cambiar o calzado da rúa.

Os usuarios virán provistos máscara PS ou máscara EPI. Manterán sempre unha distancia mínima interpersoal con todos os usuarios e traballadores de 1,5 metros.

As persoas participantes deberán acudir vestidas coa roupa deportiva axeitada á actividade que van desenvolver, pois non estará permitido o uso dos vestiarios.

Aquelas persoas con pelo longo, deberán acudir á actividade co pelo recollido, a fin de evitar ocasións de se tocaren a cara.

O alumnado deberá levar unha máscara de reposto, así como unha funda axeitada para gardala (recoméndase unha funda desbotable de papel).

Utilizarán máscara en todo momento. Deberán limpase as mans coas solucións hidroalcohólicas antes de entrar en cada estancia-sala-instalación e ao saír de cada estancia-sala-instalación

Os adestradores e acompañantes autorizados, estarán suxeitos ás mesmas obrigacións que os deportistas.

Durante a actividade

As persoas participantes deberán seguir en todo momento as indicacións da persoa responsable da actividade, mantendo a distancia de seguridade de 2 m. co resto de participantes e co/a monitor/a.

Deixarán os seus efectos persoais (bolsas, mochilas, abrigos, etc.) nos lugares habilitados para tal fin. Prégase acudir co mínimo imprescindible, evitando bolsas e vultos innecesarios.

Desinfectarán as mans antes de comezar a actividade e, de ser o caso, antes e despois do uso de material que puidese ser compartido.

O uso da máscara será obrigatorio para todas as persoas participantes durante o desenvolvemento das actividades. Aquelas persoas que, por motivos médicos, estén exentas do uso da máscara, deberán comunicalo ao Servizo Municipal de Deportes para adoptar as medidas oportunas.

Colaborarán, de ser necesario, na hixienización dos elementos e aparellos que empreguen, antes e despois do seu uso, empregando os produtos postos a disposición polo Servizo Municipal de Deportes.

As persoas participantes non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares.

Comunicarán á persoa responsable da actividade, de forma inmediata, se senten síntomas compatibles coa COVID-19 durante a clase.

Despois da actividade:

Ao finalizar a actividade, as persoas participantes deberán:

- Recoller todos os seus efectos persoais. No caso de que se deixen na instalación, procederase á súa retirada e/ou destrución.
- Proceder á desinfección de mans.
- Abandonar o espazo (ximnasio, aula, etc.) de forma ordenada e mantendo a distancia de seguridade, sen formar aglomeracións e sen obstaculizar o paso.

- Ser dilixentes á hora da saída para evitaren cruces con participantes da seguinte quenda.
- Evitar formular consultas ou comentarios ao monitorado na entrada ou saída da actividade.

O persoal docente deberá:

- Deseñar as sesións de xeito que se minimice o risco de contaxio, favorecendo o traballo individual e sen material.
- Usar a máscara.
- Levar un control exhaustivo da asistencia ás actividades, de tal xeito que se facilite o rastreo dos posibles contactos.
- Non aceptar participantes unha vez comezada a sesión.
- Determinar as posicións das persoas participantes na actividade, organizando o espazo para o mantemento das distancias de seguridade entre participantes.
- Velar polo cumprimento das normas do protocolo fronte á Covid-19 por parte do alumnado, trasladando á coordinación das EDM calquera incidencia que aconteza nas sesións.
- Manter a distancia de seguridade (2 m.) sempre que sexa posible.
- Encargarse, no seu caso, de entregar e recoller o material auxiliar que se empregue durante a actividade, non podendo o alumnado collelo pola súa conta.
- Colaborar na hixienización do material de uso común que se empregue durante as sesións.
- Dar aviso inmediato á coordinación das EDM no caso de que algunha persoa participante presente síntomas durante o desenvolvemento da actividade.
- Non atender consultas ou dúbidas das persoas participantes nas actividades ou das familias antes nin despois da actividade, dirixíndoas á coordinación das EDM para calquera aclaración, de tal maneira que as entradas e saídas sexan o máis áxiles posible.
- Comunicar á coordinación das EDM, con antelación suficiente, a necesidade de reposición dos produtos para a hixienización do material deportivo empregado, no seu caso, durante as actividades.
- O/A traballador/a que inicie síntomas durante a súa xornada laboral, deberá abandonar o seu posto de traballo coa máscara, e seguir as instrucións do seu centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario. Dará aviso inmediato á coordinación das EDM para que se adopten as medidas oportunas.
- No caso de iniciar síntomas fóra da xornada laboral, deberá pórse en contacto coas autoridades sanitarias e seguir as instrucións, dando aviso inmediato á coordinación das EDM para proceder ás medidas necesarias (aviso ao grupo, substitución, etc. Segundo corresponda).

Outras medidas

Ratio e aforo: As actividades organizaranse por **grupos reducidos e con limitación do aforo** en cada un dos espazos onde se desenvolven as actividades. Á data de

elaboración deste protocolo a ratio está establecida en **4 participantes por grupo**, incluíndo o/a monitor/a. No caso de que as autoridades sanitarias determinen a redución da ratio, por debaixo de 9, poderase proceder á suspensión temporal das actividades mentres siga activa a restrición.

En todo caso, faranse as reorganizacións, subdivisións e cambios de lugar de impartición que sexan necesarios para o cumprimento das normativas que estipulen as autoridades sanitarias en cada momento.

Desenvolvemento da actividade: Adaptaranse as sesións para favorecer ao máximo o traballo individual e, na medida do posible, sen usar materiais. Poderase saír ao exterior para o desenvolvemento das sesións e/ou subdividir o grupo en dous ou máis subgrupos.

A duración efectiva das sesións poderá verse reducida polos tempos necesarios para a ventilación e desinfección entre clase e clase. Neste senso, resulta moi importante a colaboración do alumnado na dilixencia á hora da saída e entrada nas actividades.

O Servizo Municipal de Deportes resérvase a potestade para modificar os días e/ou horarios das actividades así como o lugar de impartición para cumprir cos protocolos de seguridade fronte á COVID-19 establecidos polas autoridades competentes na materia.

Material deportivo: Como norma xeral non se compartirá material. No caso de que non fora posible, procederase á súa hixienización entre uso e uso. Será a persoa responsable da actividade a encargada de entregar ao alumnado o material a empregar. Nestes supostos, habilitaranse espazos diferenciados para material limpo e para material a hixienizar. O alumnado e o monitorado colaborarán, de ser necesario, na hixienización do material deportivo empregado.

Ventilación dos espazos das actividades: Procederase á ventilación entre actividade e actividade, mediante a apertura de portas e/ou fiestras, para permitir a renovación do aire.

Desinfección de estancias e material deportivo entre uso e uso.

Reforzase o servizo de limpeza nas estancias onde se desenvolven as actividades. Procederase á desinfección do material deportivo de uso común, para o que se contará coa colaboración do alumnado e monitorado na hixienización daquel material deportivo que se empregue na súa actividade.

A aparición dun único caso confirmado entre as persoas participantes nunha actividade poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade dos membros que conforman o grupo e do/a monitor/a asignado/a a ese grupo.

Nestes supostos, poderanse facilitar ás persoas participantes fichas ou táboas con propostas de exercicios ou actividades para realizaren nos seus domicilios, de xeito que lles permita manter un determinado nivel de actividade física no caso de non poder acudir ás IDM, podendo levar un seguimento do grupo.

CADRO RESUMO PARA O ALUMNADO

- **Antes da actividade:**
 - o Realiza o auto-test.
- **Para a actividade**
 - o Trae a roupa deportiva posta.
 - o Trae unha máscara de reposto.
 - o Recolle o pelo, se o tes longo.
 - o Se o precisas, trae unha botella de auga identificada.
- **No acceso á instalación e ao espazo da actividade**
 - o Chega puntual.
 - o Accede pola porta indicada para a túa actividade.
 - o Desinfecta o calzado
 - o Desinfecta as mans
 - o Usa a máscara nos desprazamentos.
 - o Respecta aos itinerarios marcados para circulacións interiores.
 - o Deixa os teus efectos persoais nos lugares habilitados.
 - o Evita saúdos con contacto físico.
- **Durante a actividade**
 - o Mantén a distancia de seguridade de 2 m. co resto de participantes.
 - o Usa a máscara.
 - o Emprega o teu material.
 - o Segue as indicacións da persoa responsable da actividade.
 - o Colabora, se é preciso, na hixienización do material común entre uso e uso.
 - o Pide autorización para o uso de aseo (Úsao só en casos imprescindibles).
 - o Comunica de forma inmediata se sentes síntomas compatibles coa COVID-19.
- **Despois da actividade**
 - o Non compartas bebidas, alimentos nin similares.
 - o Recolle os teus efectos persoais
- **Na saída da instalación**
 - o Emprega a máscara nos desprazamentos.
 - o Desinfecta as mans.
 - o Diríxete á saída con orde e sé dilixente, sen formar aglomeracións.
 - o Non formules dúbidas ou cuestións ao monitorado nas entradas ou saídas.

5.15. OUTRAS NORMAS

MEDIDAS ORGANIZATIVAS.

- A entidade responsable da actividade deberá garantir que os deportistas dispoñan do material de prevención, xa sexa porque o pon a disposición o titular da instalación, a entidade organizadora da actividade ou porque o traen os deportistas, staff, etc.
- Evitar, na medida do posible, o uso de materiais compartidos durante a actividade. Se isto non fora posible, garantirase consonte o establecido no punto anterior a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado por parte dos axentes participantes e estableceranse os mecanismos de desinfección correspondentes.
- Na pista de xogo disporá dunha copia deste protocolo para coñecemento xeral dos xogadores.

MEDIDAS DE INFORMACIÓN

- A Entidade organizadora da actividade informará a todos os axentes que participen directa ou indirectamente na actividade sobre os riscos e medidas sanitarias e de hixiene que deben cumprir de forma individual. Deberá existir unha comunicación continua con todos os axentes da realidade deportiva.
- Facilitaralle ao Staff, deportistas e outros axentes alleos á práctica deportiva, información sobre as medidas de hixiene e seguridade mediante cartelería en puntos clave dos espazos de práctica e acceso á mesma, na páxina web ou redes sociais da entidade e/ou mediante a entrega de documentos, preferiblemente por vía telemática.
- Deberase contar cunha sinalización visible sobre as medidas hixiénicosanitarias e de prevención establecidas no desenvolvemento da actividade.
- Cando as instalacións onde se desenvolva a práctica deportiva dispoña de ascensor ou montacargas, promoverase a utilización das escaleiras.

MEDIDAS DE FORMACIÓN

- Deberase promover a formación, especialmente entre o staff para adaptar as actividades ás medidas e recomendacións marcadas polas autoridades sanitarias (distanciamento interpersoal, emprego de máscara, etc.). Revisión das actividades a desenvolver, suprimindo aquelas que promoven o contacto físico e primando as que poden levarse a cabo dun xeito máis individual ou con maior distanciamento, intentando non perder a dinámica de grupo, de ser así a especificidade da súa práctica deportiva.
- Formación sobre as medidas hixénico-sanitarias de carácter persoal recomendables, tales como a necesidade dun correcto e asiduo lavado de mans, o emprego de xel hidroalcohólico, a colocación correcta da máscara, etc. co obxectivo de implementar estas medidas do contexto da práctica deportiva e tamén para trasladarllas aos deportistas e ao seu entorno co obxectivo de que se consoliden estes hábitos hixiénicosanitarios.

TRABALLADORES. LIMPEZA, HIXIENE E DESINFECCIÓN

Con carácter xeral, respecto á limpeza e desinfección de espazos, materiais e superficies deberanse ter en conta as seguintes

- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta.
- Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.
- Cando existan postos de traballo compartidos por máis dunha persoa do staff, estableceranse os mecanismos e procesos oportunos para garantir a hixienización destes postos.
- Procurarase que os equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles, ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.
- Realizar tarefas de ventilación periódica nos espazos utilizados e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Na medida do posible, manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo. Durante as actividades en recintos pechados, na medida do posible, realizar os tempos de descanso e/ou recuperación en zonas ao aire libre ou ben ventiladas.
- Disporase de papeleiras para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día.

Será obriga do persoal de conserxería e limpeza:

- Revisar a cartelería en lugar visible na instalación para informar e lembrar aos usuarios e traballadores a obrigación de cumprir as medidas de hixiene e protección establecidas pola autoridade sanitaria contra o Covid-19.
- Reforzar e intensificar os servizos de limpeza das instalacións, especialmente despois de cada quenda de uso dos deportistas, garantindo unha limpeza e desinfección permanente das instalacións durante o período de apertura ao público.
- Farase especial fincapé na frecuencia de limpeza e desinfección de superficies de alto contacto, como a recepción, os mostradores, o material de adestramento, as máquinas, as varandas, os pomos, os pulsadores, así como en todos os elementos de uso recorrente.
- Deberase proceder a súa limpeza e desinfección dos aseos, como mínimo, tres veces ao día. Do mesmo xeito, deberanse realizar tarefas de ventilación periódica das

instalación; e anotación nas follas de control do realizado e tempo utilizado.

- Lavado frecuente de mans a usuarios e traballadores durante a estancia nas instalacións.
- Asegurar a reposición permanente de xabón nos dosificadores dos lavabos e aseos para facilitar e garantir o lavado de mans dos usuarios.
- Instalación de estacións de limpeza e desinfección en todos os espazos deportivos interiores e aseos, para facilitar a limpeza e desinfección do equipamento, os bancos, etc..., por parte dos usuarios, antes e despois de cada uso, complementario ao servizo de limpeza de cada estancia utilizada.
- Ditas **estacións de limpeza e desinfección** disporán de xel desinfectante de mans cunha papeleira non manual para depositar os desfeitos.
- Incrementar o protocolo de revisión de papeleiras e retirada de residuos. No caso de que se empreguen uniformes ou roupa de traballo, procederase ao lavado e desinfección diaria dos mesmos, debendo lavarse de forma mecánica en ciclos de lavado entre 60 e 90 graos centígrados. Naqueles casos nos que non se utilice uniforme ou roupa de traballo, as pezas utilizadas polos traballadores en contacto con clientes, visitantes ou usuarios, tamén deberán lavarse nas condicións sinaladas anteriormente.
- Utilización dos materiais de prevención obrigatorios establecidos polas autoridades sanitarias a cada traballador para a súa protección individual e a dos usuarios.
- Mantemento dunha distancia mínima interpersonal de un metro e medio.
- Anotación no libro de rexistro os usuarios, espazo utilizado e incidencias xurdidas, para ser revisadas polo persoal técnico responsable do Servizo Municipal de Deportes. Deberase entregar semanalmente copia de este libro de rexistro ao Servizo Municipal de Deportes.

Obrigatoriedade de levar cada día o seu material deixando libres e limpas as taquillas e zonas comúns. Limpar e desinfectar o seu posto de traballo ao finalizar a súa xornada, sobre todo elementos comúns (pomos, teclado, mesa, cadeira, etc...)

6. SUPERVISIÓN DO CUMPRIMENTO DO PROTOCOLO COVID-19

O cumprimento dos puntos establecidos neste protocolo será supervisado polo/a técnico/a municipal responsable da instalación e, na súa falta, polo persoal conserxe de servizo da mesma.

A entidade deportiva estará obrigada a poñer a disposición desta persoa toda a información requirida así como a atender ás súas peticións neste sentido.

O incumprimento dalgunha destas normas poderá dar lugar ao cesamento do uso da instalación deportiva municipal.

7. SINATURA DO DOCUMENTO DE ASUNCIÓN DO PROTOCOLO

A entidade deberá entregar asinado ante o Servizo Municipal de Deportes, o documento do Anexo II polo que se compromete a cumprir con este protocolo.

8. VIXENCIA

Este protocolo entrará en vigor a partir do día 19 de abril de 2021 e manterá a súa vixencia en tanto unha normativa superior non o derroga en todo ou en parte, ou en tanto o Concello de Arteixo non elabore outro posterior.

Arteixo, na data da sinatura electrónica A Concelleira de Deportes

ANEXO I : SOLICITUDE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

IDENTIFICACIÓN DO SOLICITANTE		
ENTIDADE:		CIF:
CATEGORÍA (sénior, xuvenil, cadete, infantil, alevín, benxamín, outra...)		Nº ASISTENTES INCLuíDO O ADESTRADOR
PRESIDENTE:		NIF:
ADESTRADOR RESPONSABLE DO GRUPO (indicar categoría)		NIF:
DATA DE INICIO DOS ADESTRAMENTOS		
Teléfono	Móbil:	e-mail:

INSTALACIÓNS DEPORTIVAS QUE SE PODEN SOLICITAR	DÍAS DA SEMANA	HORARIO (Máximo 2 h.)
Pazo dos Deportes	Lu Ma Me Xo Ve Sa Do	
Ximnasio do Pazo dos Deportes	Lu Ma Me Xo Ve Sa Do	
Polideportivo de Galán	Lu Ma Me Xo Ve Sa Do	
Polideportivo de Meicende	Lu Ma Me Xo Ve Sa Do	
Polideportivo Ponte dos Brozos	Lu Ma Me Xo Ve Sa Do	
Campo de Fútbol Ponte dos Brozos	Lu Ma Me Xo Ve Sa Do	
Campo de Fútbol de Céspedede Artificial de Arteixo	Lu Ma Me Xo Ve Sa Do	
Campo de Fútbol de Freán	Lu Ma Me Xo Ve Sa Do	
Campo de Fútbol Grande de Meicende	Lu Ma Me Xo Ve Sa Do	
Campo de Fútbol Pequeno de Meicende	Lu Ma Me Xo Ve Sa Do	
Campo de Fútbol de Pastoriza	Lu Ma Me Xo Ve Sa Do	
Outra:	Lu Ma Me Xo Ve Sa Do	

DECLARA RESPONSABLEMENTE SOBRE A ENTIDADE E OS DEPORTISTAS QUE A COMPOÑEN NOS ADESTRAMENTOS SOLICITADOS:

- Os deportistas e adestrador están en posesión de licenza federada en vigor do club ao que representan
- Que coñece o protocolo de volta á actividade deportiva nas IDM e o seu compromiso ao seu cumprimento de forma exhaustiva.
- Así mesmo declaro que a entidade deportivas accederá ás instalacións coas medidas de protección (luvas e máscara) e que as utilizarei sempre que a práctica deportiva o permita, e que cumprirei as normas de utilización das instalacións que marca o protocolo das IDM para cada un dos espazos.
- Declara que, a pesar da existencia dun protocolo de volta á actividade, é consciente dos riscos que entraña a práctica deportiva en espazos comúns con outras deportistas nunha situación pandémica como a actual.
- Declaro que non padecín ningún síntoma Covid-19 nos últimos 14 días: Febre / Cansazo / Tose seca / Dificultades para respirar e que non estiven en contacto con ningunha persoa que dea positivo en Covid-19 nos últimos 15 días.

A sinatura acredita estar conforme, e a aceptación das normas de utilización das instalacións deportivas municipais

En Arteixo a _____ de _____ 2021

(sinatura)

O / A Presidente/a.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixox.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

ANEXO II : DOCUMENTO DE ADHESIÓN AO PROTOCOLO COVID-19 DO CONCELLO DE ARTEIXO

IDENTIFICACIÓN DO SOLICITANTE	
ENTIDADE:	CIF:
PRESIDENTE:	NIF:
PERSOA RESPONSABLE DA ENTIDADE DO PROTOCOLO COVID-19	NIF: TELÉFONO:

Por medio da sinatura deste documento, a entidade referida, a través do seu representante legal, comprométese a:

1. Cumprir coa normativa en materia de protección da saúde motivada pola Pandemia Covid-19, xa sexa estatal, autonómica ou local, así como cumprir co Protocolo Covid-19 de uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Arteixo, do que o club é coñecedor. O dito Protocolo foi posto a disposición do club por parte do Servizo Municipal de Deportes. Non obstante, o club é consciente de que este protocolo pódese ir modificando en función da evolución da pandemia. En todo caso, as modificacións tamén lle serán comunicadas ao club.
2. Manter a adhesión ao protocolo para todos os partidos oficiais da tempada 2020/2021, así como naqueles eventos organizados polo club nas ditas instalacións deportivas municipais.
3. Comunicarlle ao Servizo Municipal de Deportes calquera caso positivo de Covid-19 que se coñeza dentro do club, sempre e caso se trate de persoas que acudan ás instalacións deportivas municipais.

En Arteixo, a ____ de _____ de 2021

Asdo. (nome da persoa que asina o documento)